

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO PÁRAMO PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓN DE MELLORA PAISAXÍSTICA NO CONCELLO

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello do Páramo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello do Páramo para a realización de actuacións de mellora paisaxística, consistentes na montaxe e instalación de cubrecontedores nas seguintes localizacións:

- Igrexa parroquial de San Mamede da Ribeira
- Igrexa parroquial de San Salvador de Vileiriz
- Igrexa parroquial de San Vicente de Gondrame
- Igrexa parroquial de San Xoán de Friolfe
- Igrexa de Santiago de Ribas de Miño
- Igrexa parroquial de Santiago de Sa
- Igrexa parroquial de Santa Eufemia de Vilarmosteiro
- Igrexa parroquial de Santa María de Gondrame
- Igrexa parroquial de Santa María Madalena de Moscán
- Igrexa parroquial de Santa María Madalena de Neira
- Igrexa parroquial de Santa María de Vilafiz



- Igrexa parroquial de Santa Cruz de Vilasante
- Capela de San Pedro de Santa Comba
- Capela de San Lourenzo de Friolfe
- Igrexa parroquial de Santo Estevo de Grallás

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** O Concello do Páramo pretende realizar actuacións de recuperación e tratamento paisaxístico do contorno dos recursos turísticos mediante a realización dun peche de madeira que rodee os colectores de lixo que se atopan en distintas localizacións do concello, nas proximidades de igrexas e capelas que están identificadas no PBM como bens catalogados.

Tales localizacións correspóndense con zonas nas que os colectores de lixo se atopan agrupados en unidades de dous, tres e ata catro elementos. É por iso que



a primeira impresión visual que se obtén é a dunha zona con lixo, e o que se pretende é a súa ocultación a través da montaxe e instalación de pequenas construcións de madeira, para conseguir un entorno máis limpo e esteticamente máis integrado no entorno natural no que se encontran.

A importancia que dende este concello se lle da á recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio turístico, arqueolóxico e cultural local fai que unha das prioridades sexa a de cumprir cos principios de calidade e accesibilidade en todos eses destinos turísticos que dende este concello se pretenden valorizar como fomento do turismo.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello do Páramo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

